

Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 8. MARZO
DE 2025

O CONFLITO DE ALTRI

- A liberdade da auga
Por Joaquín Araújo
- O impacto na saúde dos veciños e traballadores do proxecto GAMA
Por Sonia Villapol Salgado
- O confronto de dúas xeografías: o espazo banal e de recursos fronte ao espazo vivo e de resistencia no conflito de Altri
Por Rubén Camilo Lois González
- Outono roubado. Ensaio sobre ambiente, territorio e paisaxe a través do caso Altri
Por Horacio García
- A paisaxe emocional do Camiño de Santiago na Ulloa
Por Francisco Pardo Teijeiro
- Todo o que cabe nun queixo, nun xerro, nun iogur
Por Ana Escariz Pérez



HISTORIA

- Xénese e consolidación dos concellos constitucionais da Ulloa
Por Fernando Salgado
- Segundo fragmento de «Amoixa. Memoria dos cincuenta». *Por Pepe do Xastre*

PATRIMONIO

- Arredor da toponimia maior do concello de Antas de Ulla
Por Andrea Santiso Arias
- Historias de cultura en Antas de Ulla
Por Patricia Coucheiro

CREACIÓN

- Tres poemas
Por Adela Figueroa Panisse
- A Ulloa berra non
Por Paco Ledo
- Terra!
Por Toño Núñez
- Un conto inventado ou non
Por Pablo Coucheiro Rodríguez

O CONFLITO DE ALTRI

AS PERSOAS QUE VIVEN NA GALIZA CENTRAL DECIDIROUN PERMANECER NESTE ESPAZO PORQUE PERCIBEN UNHA CALIDADE DE VIDA ALTA, AÍNDA QUE SEXAN CRÍTICOS CON ALGÚNS ASPECTOS DA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL COMARCAL. POR ISO, O REXEITAMENTO AO PROXECTO ALTRI ACADOU UNHA INTENSIDADE NON PREVISTA.

O CONFRONTO DE DÚAS XEOGRAFÍAS: O ESPAZO BANAL E DE RECURSOS FRONTE AO ESPAZO VIVO E DE RESISTENCIA NO CONFLITO DE ALTRI

/ RUBÉN C. LOIS GONZÁLEZ
Catedrático de Xeografía da Universidade
de Santiago de Compostela

INTRODUCIÓN: OTERRITORIO NON É NEUTRO

Fronte ao que se opinou moitas veces a nivel popular, a xeografía non constitúe un coñecemento que trate de acumular datos, capitais ou accidentes do terreo. Eses relatorios de información nunca definiron un ámbito científico, mais ben foron usados nas escolas de hai moitos anos para inculcar o sentimento de pertenza a un territorio determinado. Pola contra, a xeografía si se interesa pola análise espacial e territorial no seu senso máis amplio. Procura ler e representar o territorio, para que se xestione de xeito razonable, para que se entendan ben os impactos ambientais da actividade humana e para que as persoas aproveiten dunha forma sustentable os recursos da súa contorna. Nesta complexa tarefa topámonos con que son moitas as formas de entender a análise e a planificación territorial, e que cada unha das opcións adoptadas deriva nuns efectos cara o futuro.

Así, no debate social xerado polo proxecto de implantación da papeleira de Altri/Greenfiber na Ulloa hai varias xeografías contrapostas: a da empresa, que observa o espazo como un ámbito de beneficio material, a partir da explotación intensiva de recursos como a auga e a produción forestal, independentemente do que sinta ou opine a poboación local; a dos movementos que sosteñen o rexeitamento á implantación da celulosa, que poñen en primeiro lugar a defensa da paisaxe, duns modos de vida que se tornaron en exitosos en épocas recentes e que queren opinar activamente sobre o goberno de recursos que consideran propios. Estas dúas territorialidades contrastadas, son en principio lícitas. Non obstante, a boa xeografía debe discernir cal é o mellor escenario de xestión e desenvolvemento para o futuro, sempre baixo o obxectivo da Ilustración e da modernidade, de servir ás persoas para que gocen dunha vida mellor.

No remate do parágrafo anterior, empregamos palabras importantes na tradición da cultura occidental, Ilustración e modernidade. De feito, tanto o movemento creado por pensadores franceses do século XVIII como o desexo de progreso que as sociedades europeas encarnan desde o XVI, tratan de avanzar nunha vida social mellor, onde as

persoas cubran satisfactoriamente as súas necesidades e exerzan os seus dereitos. Un filósofo francés de mediados da passada centuria, M. Foucault, afirmou que se ben as ciencias experimentais foran afirmándose nos séculos XVII ou XVIII, as denominadas ciencias humanas non xurdiron até o tránsito do XVII ao XIX, cando a Ilustración comeza a situar entre as grandes preocupacións do coñecemento a mellora da vida das persoas, e a regulación da convivencia social e política (Foucault, 1966). De feito, a Historia xurdiu para coñecer ben o pasado e superar os seus errores, a Economía debe ser a ciencia que proporcione máis riqueza a un maior numero de homes e mulleres, e a Xeografía procura que a actividade humana obteña os máximos beneficios do territorio, sen que os impactos xerados pola mesma provoquen efectos irreparables.

Como é de supor, todo isto ten moito que ver coa ameaza de instalación da celulosa de Altri na Ulloa. Cómpre aprender dos errores doutras instalacións industriais (a celulosa de Ence na ría de Pontevedra), para que a agresión a un rico ecosistema non se repita. Hai que procurar que novas actividades produtivas non afecten a outras más rendibles e que xeren benestar: unha industria de enclave non pode ameazar a continuidade do Camiño de Santiago, da gandería comarcal ou das empresas radicadas na contorna, por un sobreconsumo de auga, un impacto visual severo e unha alteración dun mercado laboral que, atendendo ás cifras de desemprego, funciona ben. En terceiro lugar, unha industria non ten derecho a tomar unha cantidade excesiva da auga que corre polos nosos ríos, derramar unha parte da mesma, e devolver outra quente e sen apenas vida. Tampouco debe favorecer un monocultivo forestal que degrada os terreos, aumenta o risco de fraxilidade dos montes fronte ao lume e empobrece a paisaxe. En definitiva, as Ciencias Humanas e Sociais establecen pautas razonables sobre que usos, que modelo territorial debe seguir un lugar e unha comarca. Unhas pautas que cabe complementar co respecto a especies únicas das que nos alertan os biólogos, co control de puntas de contaminación da que avisan os bioquímicos, ou de sobreconsumo de enerxías fósiles que o recurso de miles de camións para transportar pasta de celulosa ou de *lyocell* cara a portos de exportación implican.

Todo o que introducimos para relacionar ciencia con decisións políticas e económicas reflíctese no territorio. Un territorio ben definido no impacto que xeraría a celulosa de Altri e que se estende ao longo da conca do río Ulla, un dos cursos fluviais más emblemáticos de Galiza. O Ulla vai acumulando os seus primeiros caudais na Ulloa, tamén chamada Alto Ulla, onde tanto o río dese nome como o Pambre conflúen e definen unha bisbarra natural conformada polos concellos de Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei (Lois, 1988; García, 2021). Esta comarca tradicionalmente agraria e gandeira viuse favorecida polo auxe do Camiño de Santiago desde finais do século XX e pola consolidación dunha serie de importantes empresas de base local. A Ulloa define un exemplo de éxito no desenvolvemento endóxeno do rural galego; na Ulloa é onde Altri e Greenfiber procuran colocar a súa celulosa, describindo un territorio sen valor e sen persoas que viven e traballan, como se transluce do seu estudo de impacto ambiental (ALTRI-AFRY, 2023). Se seguimos río abaixo, esténdese o Ulla medio, servindo de límite entre as provincias de A Coruña e Pontevedra, e xa moi afectado polo impacto que supuxo a construcción do encoro de Portodemouros, décadas atrás. Nesa área localizase o sur da bisbarra das Terras de Melide e Arzúa (os concellos de Santiso e Arzúa) e o Norte do Deza (concellos de Agolada e Vila de Cruces). De novo, topámonos con amplos espazos de val, de vocación pecuaria moi produtiva, que se combina cos efectos beneficiosos no mercado de traballo do Camiño de Santiago e das empresas de orixe local. Esta sería a área más afectada pola implantación dunha celulosa, que consumiría e alteraría a composición dunhas enormes cantidades de auga, unha das principais fontes de riqueza deste espazo. O resto do curso do Ulla até a súa foz de Padrón-Pontecesures tamén rexistraría as consecuencias negativas da implantación, nas terras da Estrada, de Santiago e o Sar, pero os efectos da industria prevista poden ser moi serios para outra xeografía, a da ría de Arousa, singularizada pola súa producción de moluscos bivalvos (mexillón, ameixa, berberecho etc.), que nos últimos anos mostra unha especial fraxilidade aos impactos humanos de todo tipo sobre o medio (vertidos urbanos, regulación e baleirado dos embalses, contaminación das augas etc.).

Nas seguintes páxinas desta contribución propónemos contrapoñer a Xeografía utilizada pola empresa Altri/Greenfiber coa das persoas que habitan a Ulloa e todo o Ulla, en especial a daqueles grupos que se significaron no seu rexeitamento á instalación da celulosa. Con este obxectivo estableceronse os dous seguintes apartados. Nun terceiro epígrafe, como corresponde a unha reflexión académica tratarase de elaborar unha síntese dos dous argumentarios, ponderando a súa racionalidade interna. Para rematar, establecese unha reflexión final dun texto que pretende moverse entre a teoría xeográfica máis básica e os sentimientos como habitante da Ulloa, unha especie e observador participante de todo o que ocorre na súa contorna comarcal, percibida desde un sentimento marcado de topofilia (Tuán, 1974)

AXEOGRAFÍA DE ALTRI E GREENFIBER: ESPAZOS ISOTRÓPICOS PARA ACUMULAR RIQUEZA

Desde a antigüidade, na cultura europea e occidental está moi arraigada a idea da colonización. Un pobo ou un poder establecido deciden ocupar novos territorios, que habitualmente xa eran o lugar onde vivían outros. Ao final fano se contan coa forza e co respaldo suficiente, e rematan xustificándoo de diversos modos: para civilizaren, para levaren o progreso, para sacaren do atraso aos que antes vivían ali (Wallerstein, 1974 e 1980). Os gregos e os romanos colonizaron; os españoles e portugueses, e logo os demais países europeos, conquistaron e colonizaron boa parte do mundo. Todo isto quedou arraigado para a época contemporánea onde as compañías mineiras e industriais seguiron a desenvolver estas prácticas. A multinacional inglesa do cobre chámase Riotinto polo municipio de Huelva onde construíu o seu emporio. Logo rematou a explotación, abandonou todo e agora o interior desta provincia andaluza vive das axudas europeas, que non chegan para parar o abandono masivo da poboación. A construcción naval ou a siderurxia ocuparon os mellores terreos da costa en Ferrol ou en Sagunto. Cando o ciclo industrial rematou as dúas cidades quedaron en crise e, ademais, deben reconverter ou coidar

enormes espazos abandonados que ningúén quere agora e onde unha recualificación urbana suporía tanto investimento que, de momento, se torna imposible.

Todas estas operacións de ocupación do territorio por unha industria ou un complexo fabril xustifícanse no recurso a un determinado tipo de xeografía: a dos espazos isotrópicos. Un espazo isotrópico é por natureza plano, sen paisaxes, sen xente. Só se representa para explicar unha función nun territorio: a atracción comercial dunha vila, a accesibilidade a un centro educativo ou sanitario, a distancia máis curta etc. (Chorley e Haggett, 1967). Cando algunas industrias pretenden ocupar, colonizar, un territorio recorren aos espazos isotrópicos, como fixo Altri/Greenfiber. Moita xente pregúntase como se lles puido ocorrer aos directivos desta multinacional portuguesa implantarse na Ulloa, cando podía haber outras comarcas onde o rexeitamento popular a esta localización fose moito menor. Os motivos son varios, pero un dos más importantes foi a consideración isotrópica, plana, baleira, do espazo. Como se ve na figura 1, a Ulloa queda a medio camiño das dúas celulosas que poderían competir con Altri, a de Ence na ría de Pontevedra e a de Navia en Asturias. Aquí o efecto distancia para fornecer de madeira barata as plantas fabrís vaise diluíndo e unha localización central, ao más vello estilo da Xeografía alemá e norteamericana de mediados do século XX (Bunge, 1966; Carter, 1972), cúmprese. Outro factor que determinou a decisión é a gran densidade de plantacións forestais, en crecemento, na Galiza central. A abundancia de eucaliptos, a súa expansión incontrolada en épocas recentes, e a existencia dunha rede importante de serradoiros na contorna, tamén está detrás desta decisión. Unha decisión simple, que se supón vai estar avalada incondicionalmente polos poderes públicos, que ignora que hai poboación en todo este espazo e que infravalora todas as actividades económicas, todo o emprendemento endóxeno que se desenvolveu nos últimos tempos.

Ademais, na lóxica da empresa funciona unha teleoxia, un argumento finalista claro: a industria é boa en todos os casos e acompaña de progreso. Isto sempre se asocia a unha redución das poboacións beneficiadas a unha condición de atrasadas, con niveis medios de escolarización

baixos, pouco conscientes do que implica a modernización e a xeración abstracta de riqueza e con complexos de autoodio. A industria é benfeitora por si, crea emprego (aínda que non se necesite) e xera actividade en contextos de atonía xeneralizada. Nesta narrativa non se soe explicar nunca que hai moitos tipos de industria, e de fábricas de implantación, que as mesmas implican o consumo ou non de recursos valiosos (como a auga), e que se poden concibir para ser permanentes ou suxeitarse simplemente a ciclos de produción. No fondo desta falacia agóchase a idea de que as poboacións necesitan progreso, aínda que non sexan conscientes desa necesidade. Neste argumento, o progreso xorde como sinónimo de crecemento económico e non como equivalente a calidade de vida ou desenvolvemento humano (Tucker, 1991; Sen, 2000). Os intereses dos dirixentes da empresa (mellorar os beneficios, acrecentar o valor da mesma no mercado) confúndense intencionalmente coas necesidades da poboación, en abstracto.

Se damos un paso máis na nosa explicación da xeografía de Altri/Greenfiber, podemos volver á filosofía e ao pensamento social crítico. Deste xeito, un autor francés xa clásico, G. Deleuze formulou o concepto de axenciamento (Deleuze e Parnet, 1997). Na natureza, uns organismos ou compoñentes actúan, formulañan os seus actos, para cooperar con outros, no mutuo beneficio de ambos. Isto permitiu a conformación de sistemas cada vez más complexos, o progreso da vida e das organizacións eficientes en xeral. Levando este concepto abstracto para as ciencias sociais, a comprensión do axenciamento móstranos como uns actores (neste caso unha multinacional do sector da madeira), procuran socios vinculados co poder no territorio onde desexan realizar unha implantación industrial (neste caso a empresa Greenalia), un socio do que interesa menos a súa traxectoria empresarial e que estea vinculado co sector produtivo en cuestión, que o feito de situarse próximo ao poder (con ex altos cargos en posicións relevantes do seu organigrama). Confórmase unha nova sociedade outra vez co reclamo do verde no seu nome e dando por suposto que se van elaborar fibras téxtils (Greenfiber). Esta coalición reforzase cun respaldo financeiro tamén de confianza (Abanca) e suxerindo apostas estratéxicas do

Figura 1.
Porcentaxe
de superficie
de eucalipto.
Fonte: *Inventario
Forestal Continuo
de Galicia*





Figura. 2.
Superficie
de eucalipto
e cabezas
de gando.



gran capital (sempre aparece Inditex). O axenciamiento progrésa mediante reunións, co obxectivo de convencer ás instancias do poder político. Como era de supor, isto logrouse no 2022, cando a Xunta de Galicia considerou a proposta de Altri/Greenfiber como proxecto de interese estratégico para Galicia (Xunta de Galicia, 2022). Non só isto, o goberno galego obtivo o compromiso dos partidos da oposición dunha aprobación xenérica a aquelas propostas que implicasen a transformación integral da madeira, baseándose no impulso ao I+D+i. Ademais, pouco antes da súa marcha a Madrid a liderar o principal partido da oposición, o presidente galego Alberto Núñez Feijóo recibiu os promotores do proxecto de xeito estelar, con gran proxección nos medios. Aquí anunciouse o carácter central dunha apostia industrial que ía transformar a nosa madeira en fibra téxtil, co recurso intensivo á innovación, e implicando a creación de milleiros de postos de traballo. O axenciamiento conseguira colocar a Altri/Greenfiber onde desexaba; o problema foi que as mentiras e medias verdades do proxecto moi cedo começaron a xerar un efecto búmerang no mesmo. Descubriuse que os miles de empregos eran algúns centos, que a fibra téxtil elaboraríase noutro continente, en países afastados, e que só estabamos diante dunha moderna celulosa, unha planta que ademais esixiría case seguro incrementar as plantacións de eucalipto nunha contorna, xa de por si danada por unha forestación intensiva, que xera indubidables impactos ecológicos.

A partir das lóxicas internas manexadas polos promotores da industria, o documento para solicitar a Autorización Ambiental Integrada reflexa perfectamente os principios ideolóxicos da implantación (ALTRI-AFRY, 2023). Só se comete un erro un tanto involuntario: escríbese un documento moi longo, onde se loan os aspectos técnicos modernos da planta fabril a instalar, pero non hai correlación ao explicar sobre que territorio en concreto se vai producir a implantación da fábrica. Ao final, o espazo é isotrópico, sen interese, ocupado por unha poboación rural e atrasada. Os poderes públicos xa garanten que o progreso desexado por Altri chegue para mudar a comarca. Así, no volume I, Caracterización del Proyecto, a localización e xustificación do proxecto ocupa 7 páxinas, as condicións de deseño,

volume arquitectónico, características técnicas e cronograma da construcción, un total de 124.

No volume II, no *Diagnóstico Ambiental* chama atención que non se presenten mapas, só bosquejos (ALTRI-AFRY, 2023). Para que unha representación teña validez cartográfica débese indicar escala (co obxectivo de saber a extensión ou superficie real dos fenómenos) e a orientación (os mapas deben estar norteados). Aquí, móstranse máis dunha decena de imaxes que non reúnen estes requisitos. Fálase de clima, xeoloxía, xeomorfoloxía, edafoloxía, hidroloxía ou espeleoloxía (*sic*), a partir de imaxes planas, que ofrecen un conxunto de datos autónomos e non unha ponderación real do efecto que a fábrica pode provocar neste sistema natural. A celulosa é boa e a sociedade multinacional que a apoia paga un estudio dun territorio plano, estático e con compoñentes independentes que non interactúan. Cóbrese o expediente e xa responderán cunha avaliación ambiental positiva. No Medio Biótico séguese a mesma construcción narrativa ao longo de 55 páxinas. Faise unha descripción da vexetación, das especies florísticas existentes na área de implantación e alúdese a que se fixo un traballo de campo no 2022 para determinar a súa presencia e a do número de individuos, pero non se explica nin que método se desenvolveu, nin a profundidade da mostra. Trátase dun estudio non válido científicamente (a mentira ou as medias verdades como argumento), e contraditorio co que grupos e investigadores de Botánica da Universidade de Santiago de Compostela teñen demostrado nos seus traballos ao longo de moito tempo (Iglesias, Feijó e Ortíz, 2000; Bañares *et alt.*, 2011). De novo, o territorio non vale, e aquilo que poida valer (especies botánicas protexidas) ocúltase. Séguese cunha descripción da fauna e cunha referencia á cartografía que en estrito senso non existe. Os mapas están ausentes e só hai bosquejos que non permiten comprobar a extensión real dos hábitats no terreo. Por último, no referido ao Medio Socioeconómico e Paisaxe ao longo de cen páxinas continúase co mesmo (ALTRI-AFRY, 2023). Un conxunto de datos sen conexións uns con outros, segue sen haber mapas, e as fotografías agora incorporadas mostran árbores e superficies gandeiras planas onde instalarse (o territorio baleiro como escuro obxecto de desexo). No medio desta

sucesión de datos, informacóns pouco conectadas entre si, tres feitos de enorme significación. Primeiro, déixase caer que unha porcentaxe elevadísima da poboación é analfabeta, a través duns datos falsos e sacados de contexto; pero a descripción do atraso profundo da comarca ben merece unha mentira. Segundo, nin na Ulloa nin na Terra de Melide-Arzúa hai industria. Semella que os parques empresariais son ilusións ópticas, que Jim Sports ou Granja Campomayor, entre outras, non existen, non crean emprego nin riqueza. Terceiro, o Camiño de Santiago é un pequeno dato adxunto a unha enumeración supostamente exhaustiva de igrexas, restos arqueolóxicos e patrimonio. Négase que case 300.000 viaxeiros vaian pasar ao lado da futura celulosa, sentir o seu impacto e quizás sufrir restricións no consumo de auga se un verán de seca provocase futuras escasezas. O Camiño pasa a ser unha sigla (CSF) e négase que sexa a fonte e riqueza e de valorización máis importante de todo o territorio afectado. Isto si é impacto ambiental, destrución de fontes de riqueza, que a concepción dun espazo isotrópico, atrasado e baleiro fai todo o posible por ocultar.

Fronte a esta xeografía da caricatura, o resto do documento para solicitar a Autorización Ambiental Integrada esténdese por case mil páxinas para explicar polo miúdo como a instalación da planta se acompaña da construcción dunhas instalacións modernas e con todos os avances técnicos de control ambiental de última xeración (ALTRI-AFRY, 2023). Desde o punto de vista técnico un proxecto impecable, como así o recoñeceu en diversos foros algúns profesores de enxeñería química da USC, con forte financiamento público-privado ao seu centro de investigación. A partir de esta exaltación da modernidade técnica da industria preténdese conseguir un informe oficial positivo. Como a industria é boa por si, o único importante é explicar o proxecto construtivo e técnico da mesma, en centos de páxinas e con todo detalle. A contorna, o espazo diverso dos arredores non existe, só constitúe un obstáculo en termos ambientais (non humanos, xa que unha poboación inculta e atrasada debería permanecer pasiva), a unha implantación sen dúbida beneficiosa. Por isto, o resto do documento (isto é, entre as páxinas 424 e 1.252), só se dedica a explicar como a industria supera sen problemas

todas as normas de obrigado cumprimento: o planeamento urbanístico; a dispersión atmosférica e a autodepuración de efluentes; os diferentes tipos de impactos físicos e ambientais que se asocian á construcción; as medidas preventivas, correctoras e compensadoras; os programas de vixilancia ambiental e a análise da vulnerabilidade. Un estudo de parte, con dúbidas razoadas de que se nutra de datos certos e contrastados, e non manipulados ou cando menos retocados, para xustificar a instalación por principio benfeitora. A contorna e as persoas apenas aparecen como fondo de escenario, os datos aportados non resisten demasiado ben os controis académicos ou sociais, pero a construcción do discurso industrialista xa está rematado. Agora só falta a súa validación positiva por unha administración avaliadora, proclive a facelo. Todo isto eliminando a auga, a eucaliptización progresiva e o territorio da ecuación; o ben superior do progreso e a concepción funcional do espazo, sempre plano, permíteno.

AXEOGRAFÍA DAS PERSOAS: OS ESPAZOS DE VIDA, O VALOR DA PAISAXE E DO TERRITORIO PROPIO

O plan industrial xa está definido, non contiña problemas apreciables, e só cumpliría recibir a celulosa de Altri como factor decisivo no avance, a creación de riqueza e de emprego a nivel comarcal. Pero no seo da sociedade civil destas terras, en xeral de toda a cunca do Ulla e da ría de Arousa, e como símbolo do conxunto de Galiza, xorde un discurso alternativo. Unha xeografía das persoas, dos espazos vivos, diversos, provistos de paisaxes únicas, íntimas para moitos homes e mulleres, e sempre ricos, produtivos. A novedade é que unha loita de resistencia, de marcada pegada ecoloxista e alternativa, remata introducindo outra narración totalmente distinta sobre os efectos negativos da implantación industrial na maioría social das comarcas afectadas e creando un auténtico problema de país. Un dos debates sociopolíticos más intensos dos vividos en Galiza nestes últimos anos.

Os argumentos sinalados polos opositores ao proxecto sitúan a un territorio vivo no centro do debate. Por unha parte, estímase que unha das principais riquezas, e recursos

da Galiza central e de todo o país, é a disponibilidade de auga. Un elemento que permitiu historicamente desenvolver un modelo agrario de base labrega, onde a gandería bovina cumpre un papel destacado, debido a abundancia de prados e pastos (Lois González, 1988). Unha abundancia de auga que permitiu atender unha presión turística en constante aumento como resultado do éxito acadado polo Camiño de Santiago, que se vincula a unha oferta estimada en miles de cuartos en albergues, pensións ou hoteis só entre Palas de Rei e o concello do Pino, un dos destinos más valorados do interior peninsular e área que sufrirá a maior afectación da celulosa se comezase a funcionar (Lopez e Lois-González, 2021; Lois-González, 2024). A auga é abundante, pero en todas as comarcas que rexistren o impacto máis directo da futura planta non existe un gran curso fluvial central ou unha ría que permita dispoñer do líquido elemento sen limitacións, xa que nos topamos na conca alta e media dun curso fluvial, o Ulla, que tampouco é o máis caudaloso da Galiza interior (Rio-Barja e Rodriguez-Lestegás, 1992). Para medir as necesidades de auga, Altri só empregou datos tomados do Plan Hidrolóxico Nacional que miden predicións no curto prazo, dun número limitado de anos (García-García, 2024). Pero a celulosa está programada para desenvolver un ciclo produtivo moito más alongado no tempo e se as predicións de cambio climático (con precipitacións de distribución máis irregular e incremento das temperaturas) se cumplen, poderían xurdir problemas de abastecemento e rego para os centos de explotacións gandeiras que funcionan na cunca do Ulla, e tamén para a oferta turística do Camiño de Santiago desde a Ulloa.

Ademais, como subliñan diversos especialistas en hidroloxía, a auga é por definición un elemento fundamental nas comarcas rurais. Os ríos e todo tipo de cursos fluviais son fontes de vida cunha fauna e unha flora propias, as augas son ricas polas súas compoñentes orgánicas, en especial no curso alto dun río. Por iso, unha implantación industrial que tome a auga, a someta a altas temperaturas e a devolva alterada (e en menor volume) a súa orixe, está xerando un impacto severo no ecosistema do Ulla. Desde outra perspectiva, isto agrávase por canto os efectos de certas prácticas da cría pecuaria intensiva sobre as augas correntes, os regatos e os ríos

son estritamente controlados, e as infraccións duramente sancionadas por organismos públicos, como Augas de Galicia. Unha protección da vida e a riqueza acuática que se mantén con rigor cando se trata de aprobar plans urbanísticos ou proxectos de edificación de todo tipo. Entón cómpre preguntarse, por que o que implica un control estrito da riqueza fluvial e das augas continentais na gandería e na construcción se converte en tentativa de permisividade case total fronte a unha implantación industrial de orixe allea? O territorio non consinte dúas varas radicalmente opostas de medir.

Unha das indubidables fortalezas do proxecto de Altri/Greenfiber cando se presentou consistía en que a papeleira chegaría a transformar case por completo a materia prima e convertela en fibra téxtil, en fíos que se poderían destinar a distintas aplicacións. De entrada, utilizaríanse para facer servilletas, pero cos avances tecnolóxicos subsecuentes non se descartaba empregalos na elaboración de pezas de tea. Na avaliación de impacto ambiental tan voluminosa presentada pola empresa agardabamos que este aspecto fundamental para xustificar o carácter moi positivo do proxecto quedase perfectamente explicado. Pero nos centos e centos de páxinas de texto nada se di ao respecto; Altri/Greenfiber é unha celulosa no seu comezo e progresivamente introducirá a producción de pasta e lyocel (para exportar, levántoa supонse que en camión a un porto) ate supor o 15/20 % do total do elaborado (ALTRI-AFRY, 2023). Entón, o da fibra téxtil é unha mentira, que agora se trata de disimular anunciando (na prensa, non en documentos a presentar na Administración), que se comezan a facer probas para obter esta fibra. Un suposto que sen mercar as patentes necesarias, sen se incluír no proxecto orixinario, queda máis nunha ilusión que nunha realidade. De feito, vaise xerar un impacto ambiental severo nun territorio para facer simplemente unha celulosa, máis moderna que as de Pontevedra e Navia, pero sen resolver unha das grandes cuestións que a economía galega necesitaría ir arranxando: se somos unha potencia madeireira en Europa, fai falla desenvolver proxectos de transformación integral dos recursos forestais e non unha transformación primaria, que logo derivará en exportacións ao exterior (China, Turquía ou Marrocos soan ao respecto), para materializar

a transformación final da pasta elaborada por Altri. Iso, ademais de que dentro de Galicia pode haber localizacións más propicias a unha planta de aproveitamento integral da madeira.

Un terceiro aspecto no que se insistiu desde os movementos e os estudos críticos con Altri é que esta industria xerará indiscutiblemente un avance das plantacións de eucalipto en Galiza, en especial nas proximidades da localización da fábrica. Como se ten indicado en estudos recentes, a moratoria á expansión desta especie forestal estase a incumprir na comunidade autónoma. Moitos propietarios seguen destinando as súas parcelas abandonadas a esta árbore, en particular coa introdución do *Eucaliptus nitens*, máis resistente aos fríos invernales e que semella definir unha fronte pioneira de expansión desde as áreas litorais do país cara as comarcas centrais do mesmo, en particular O Deza, A Ulloa, Friol-Guitiriz e o Norte da Terra Chá, algúns territorios inmediatos ao lugar escollido para localizar a celulosa e outros non moi afastados da mesma (Cidrás e Lois-González, 2024). No informe presentado, Altri/Greenfiber indica que só utilizará eucaliptos como materia prima, descartando outras fórmulas que diversificasen as madeiras a empregar, xa que se é consciente de que a moratoria desta planta que si semella funcionar en Portugal non o fai en Galiza.

De feito, todas as informacións recentes sobre a superficie de monte en Galiza indican que progresou a extensión das áreas arboradas, co que a vocación forestal de moitos terreos do país impulsada polo franquismo non fai senón reforzarse. Cómpre sinalar que a expansión das hectáreas de ábores non é mala por si, pero a obsesión de que o monte só sirva para producir madeira descartando outras funcións (como área de osixenación, de pastoreo, de descanso etc.) é desafortunada e soe incidir no problema crónico dos incendios forestais (Cidrás, 2022). Case a metade da extensión de Galiza está ocupada xa por superficie forestal (1.457.331 ha. dun total de 2.957.500). Ademais, o avance desta dedicación do solo progresou en 41.000 hectáreas no último decenio (desde o 4º Inventario Forestal Nacional) e este incremento concéntrase nunha especie destacada, o eucalipto, que pasou de 368.000 a 409.000 hectáreas

neste mesmo período (Inventario Forestal Nacional, 2012; Inventario Forestal Continuo-Xunta de Galicia, 2024).

O eucalipto esténdese sen freo á custa doutras especies madeireiras menos agresivas cos terreos como o piñeiro, que retrocedeu 139.000 hectáreas nos últimos doce anos. Afortunadamente, os carballos, cerquiños e castiñeiros tamén aumentaron a súa superficie, pero se unha planta como a celulosa Altri remata na Ulloa, a aceleración do proceso eucaliptizador de Galiza será imparable.

Como sinala o recente informe do Consello da Cultura Galega sobre o impacto que xeraría Altri, o eucalipto proporciona na actualidade ente 5 e 6 millóns de metros cúbicos de madeira con casca, con cifras variables pero semellantes desde 2017-18. Este volume multiplica os poucos centos de miles correspondentes a 1980 e duplica os aproximadamente 3 millóns do ano 2000 (Corbelle, 2024). Debemos lembrar que o eucalipto ademais de provocar un sobreconsumo de auga, reduce o espazo reservado aos pastos e a unha gandería que sofre unha marcada tendencia á intensificación, banaliza as paisaxes e incrementa os incendios naqueles territorios que se sitúan por debaixo dos 20 hab/km² (Cidrás e Lois-González, 2024). As cortas de eucalipto son especialmente importantes por unidade de superficie na Mariña de Lugo, en Ortegal, pero tamén en moitos municipios do interior da Coruña como Melide ou O Pino (Corbelle, 2024). De seguir progresando as plantacións desta especie, os novos escenarios forestais intensivos pasarían a ser as contornas occidentais da planta de Altri, cos prexuízos de todo tipo que isto implicaría. A comunidade de Galiza preséntase como a gran produtora de madeira para a industria de celulosa xa radicada en Lourizán, Navia (Asturias) e algúns emprazamentos do Norte e centro portugués. Unha industria máis deste tipo só contribuiría a acentuar unha deriva produtivista do noso monte, que só beneficia a uns poucos. Na actualidade, Galiza representa aproximadamente o 90 % das cortas de eucalipto en España (Corbelle, 2024). Reforzar este dominio non semella a opción máis intelixente para o territorio, a non ser que se opte por unha transformación integral desta madeira (en bens elaborados, téxtils etc.), algo que Altri non contempla nas miles de páxinas do seu informe para a Autorización

Ambiental Integrada (aínda que logo envíe mensaxes confusos sobre este tema a medios de comunicación afíns).

Todas as celulosas que a multinacional portuguesa Altri posúe funcionando no seu país non superan os 300 empregados cada unha. Entre as tres plantas en plena actividade a día de hoxe xeran un volume de postos de traballo inferior aos 800 (ALTRI, 2024). A pesar dos anuncios e falsas contas que a empresa soe trasladar cada certo tempo, non semella que na Ulloa estas dimensións da planta fabril vaian ser moi distintas. Resulta evidente que se a implantación en Palas de Rei fose máis moderna tecnolóxicamente e incorporase no futuro novos ciclos produtivos (non agora, porque o Informe para a Autorización Ambiental Integrada non o recolle), o normal sería que esta cifra puidese incrementarse. Porén, as industrias modernas adoitan recorrer máis aos avances técnicos que á contratación de persoas que só se incrementaría nunhas decenas de traballadores máis. En calquera caso, o prometido emprego da multinacional na Ulloa sería moito menor que o xerado polo turismo, pola gandería, polas empresas endóxenas radicadas no concello e polo sector público. A afirmación de que a industria xera traballo e desenvolvemento nas áreas onde se implanta é máis que cuestionable.

Ademais, existe outro efecto negativo sobre o mercado laboral. A creación de novos postos de traballo pola celulosa só desestabilizaría os equilibrios entre persoal dispoñible e volume de emprego en toda a comarca. Unha área definida por Palas de Rei, Melide, Santiso ou Arzúa que en ningún caso chega ao 4 % de desemprego rexistrado entre as persoas que procuran realizar unha actividade remunerada. Unha taxa que os especialistas catalogan como paro técnico e non real. Se na Ulloa ou en Melide-Arzúa non se detecta carencia de emprego baixo ningunha perspectiva, a suposta creación de postos laborais nunha celulosa (moito menos ambiciosa que os primeiros anuncios publicitarios realizados), só se pode traducir no desorde dun mercado de traballo satisfactorio no momento presente, na chegada de inmigrantes ou na contratación de persoas que veñan de fora. Respecto á primeira posibilidade, pode ser que algúns empregados da hostalería, da gandería ou das empresas locais muden de emprego para a nova planta, se esta ofrece algunha

vantaxe suplementaria na contratación. Isto simplemente agravaría os problemas de escaseza crónica de man de obra dalgúns sectores moi representativos da economía local. A posibilidade de que a apertura da planta anime unha migración de traballadores desde outras partes de Galiza ou de mais lonxe é positiva. Non obstante, coa debilidade do mercado de aluguer nestas comarcas, debido a que moitas casas se destinan a albergues ou outros establecementos de turismo, e coa falta de programas de construcción de vivendas publicas, só se agravará un problema residencial xa existente. Por último, o terceiro escenario si se torna moi probable: que unha empresa cun forte impacto paisaxístico e ambiental na Ulloa, na Galiza central, acabe contratando persoal das áreas urbanas de Lugo ou Santiago, que se desprace todos os días o seu centro de traballo.

Xunto coa defensa do territorio, dun territorio atractivo e harmónico, o segundo gran argumento contra a implantación de Altri é que altera o modelo socioeconómico de éxito da Ulloa e de toda a Galiza central. Unha estrutura produtiva comarcal que despois de transformarse por completo no último medio século conseguiu conformar un sector gandeiro, eminentemente lácteo, cuns resultados económicos e de mantemento das explotacións amplamente satisfactorio. Ademais, estes concellos aproveitaron de forma exemplar as posibilidades que lles abriu a popularización do Camiño de Santiago e a puxanza da actividade turística, que na actualidade se presenta como a principal fonte de riqueza dos concellos situados na rota. En terceiro lugar, Palas de Rei, Melide e Arzúa son lugares de localización de importantes empresas de base local, que manteñen un elevado nivel de ocupación dos respectivos polígonos industriais e parques definidos a nivel local. A título de exemplo, en Palas e Rei funcionan JIM Sports, Granja Campomayor, Talleres Santaballa, entre outros, con varios centros de empregados na industria ou nos servizos á produción. Frente ao que marcaban as predicións de finais do século XX, a Ulloa e as terras de Melide e Arzúa son exemplos económicos de éxito na Galiza interior; modelos de boas prácticas de aproveitamento endóxeno e intelixente dos recursos do territorio que unha industria de implantación ameaza con crebar.

Até o momento só nos referimos aos impactos que Altri/Greenfiber podería provocar na Ulloa e en toda a cunca do Ulla, pero os seus efectos ambientalmente negativos chegarán ao mar, en concreto á moi produtiva ría de Arousa no que desemboca o curso fluvial afectado. A ría de Arousa destácase pola súa humanización, polo desenvolvemento dunha economía complexa, con presencia de numerosos sectores produtivos, onde o marisqueo e a acuicultura constitúen actividades maiores. De feito, nesta ría e nas súas dúas marxes da Barbanza e do Salnés, concéntrase a maior parte do volume de producción de mexillón e de bivalvos de Galiza, potencia mundial nestes recursos mariños. Con respecto á obtención destes mariscos, os últimos anos xa sinalan unha fonda crise no sector, xa que os totais de capturas e de toneladas recollidas van baixando progresivamente como consecuencia dunha conxunción de impactos ambientais variados. Sen dúbida, o insuficiente control dos residuos urbanos e industriais contribúe a matar ameixas, berberechos e mexillóns, entre outros. Do mesmo xeito, os baleirados abruptos das presas dos ríos Ulla e Tambre, soltando de golpe grandes cantidades de auga doce, incrementan a mortalidade do marisco. A isto, debe unirse certa tendencia á sobreexplotación dos areais e do espazo interior da ría, o furtivismo ou a perda obxectiva de calidade das augas, entre un amplio abano de causas, que están conducindo á crise xeral deste sector tan importante na economía local.

Se nos centramos nos datos deste declive produtivo, os mesmos non poden ser máis expresivos. A cantidade de bivalvos colleitada no conxunto da ría de Arousa pasou de 4.894.778 quilos no 2000 a 4.806.554,25 no 2010, a 3.458.667,61 no 2020 e a 2.749.072,36, o mínimo desta serie histórica (Xunta de Galicia, 2024). Polo que respecta ao mexillón, con valores recentes, desde 193.682.902 quilos en 2018 diminúese a 121.104.839 en 2023 na denominada provincia marítima de Vilagarcía, que inclúe os portos de Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Vilagarcía de Arousa, O Grove e Cambados. Este territorio articulado en función da ría de Arousa supoña o 69,5 % da producción de mexillón en Galiza no 2018 e un 68,01 % en 2023 (Xunta de Galicia, 2018-2024). Ademais, o colapso da producción concéntrase

nos portos da península da Barbanza, Ribeira que pasou de 8,36 millóns a 4,95 e A Pobra do Caramiñal de 63,17 a 36,67, o que expresa a enorme vulnerabilidade deste territorio directamente afectado polas achegas da auga do Ulla (fronte a Vilagarcía ou Cambados vinculados ao Umia), aos problemas e contaminación. Se a situación é agora moi mala para o sector marisqueiro, a apertura de Altri cos seus impactos incuestionables sobre a auga tan só poderá levar a unha catástrofe futura desta actividade económica emblemática do país, que xera tanto emprego e riqueza. De novo, o proxecto Altri/Greenfiber preséntase como a gran ameaza económica dun amplo territorio afectado polo mesmo.

Nesta lectura baseada na defensa do territorio e sustentada en análises de datos, de evidencias científicas, que polo xeral son negativas respecto á instalación da planta de Altri, cabe unha excepción que citaremos. Trátase do estudo, acompañado dunha serie de artigos xornalísticos na mesma dirección, autoría do profesor emérito de Enxeñería Química da Universidade de Santiago de Compostela, J.M. Lema Rodicio. Para a análise do seu discurso recorreremos ao capítulo que inclúe no informe sobre a implantación que encargou o Consello da Cultura Galega, xa que desenvolve un argumento máis formalizado que a simple contribución a un periódico (Lema, 2024). No texto, Lema volve repetir a evidencia, a planta da multinacional portuguesa tan só vai producir celulosa e progresivamente *lyocell*. Por este feito, e non porque a fábrica prevista vaia facer fíos, servilletas ou teas, o profesor xa a cualifica como un modelo de industria que elabora materias primas téxtils, algo un tanto sorprendente. En concreto, achega o dato de que só en Austria, China e Xapón se posúe a tecnoloxía suficiente para transformar o *lyocell* en fíos (Lema, 2024). Isto reforza a impresión de que todas as enormes consecuencias da planta débense únicamente ao feito de acometer unha transformación primaria da madeira.

Sobre os impactos, considera que a captación de auga de Portodemouros non se acompaña de problemas, se ben apunta que en períodos de escaseza habería que botar man do abastecemento urbano de Palas de Rei e Melide (e como o Camiño de Santiago non existe nas súas referencias,

tampouco debería ser un problema). No texto de Lema resulta evidente unha adscrición sen matices ao paradigma da enxeñería; cómpre facer, promover, crear industrias, sen que outras variables como o territorio, a paisaxe, as xentes, as miles de cabezas de gando ou decenas de miles de camiñantes a Santiago importen apenas. En calquera caso, este profesor mantén certos criterios limitantes, éticos no seu traballo, e si enuncia os problemas de toxicidade que poden acompañar a obtención de pasta de celulosa. De feito, no texto subliña a importancia da construcción dunha Etari (estación de medición de augas industriais residuais), que introduza controis suplementarios aos indicados no longo informe para lograr a Autorización Ambiental Integrada. Lema confía, ou supón, que a boa vontade da compañía incluirá esta intervención suplementaria.

O profesor de Enxeñería Química céntrase en exclusiva no volume de auga que a planta consumirá. En ningún momento analiza nin a composición deste recurso, nin os elementos bióticos e nutrientes que pode conter, nin os efectos que a modificación brusca da súa temperatura implica. Estamos diante dun estudio sectorial, que trata de pasarse como xeral: o que a enxeñería química diga elimina referencias á economía da comarca, á hidroloxía, ao cambio climático, entre outros. De feito, no seu texto sinala que a zona prevista para a instalación da planta téxtil atópase nunha contorna de baixa densidade industrial (cal é o limiar empregado? Porque fala de industria e non de empresas?); elevada dispersión de vivendas (no núcleo de Melide ou de Palas? Por certo, as vivendas dispérsanse?) e de relativamente baixa densidade de tráfico (por que non utiliza as IMD da rede de estradas, en particular no referido ao tránsito de camións?). Agora sen recorrer a ningún tipo de datos, indicadores ou limiares cuantificables, establece que «pode esperarse que a calidad do aire sexa superior á medida pola estación de calidad do aire de Lugo, situada nunha contorna urbana e que non superou os límites obxectivo previstos na lexislación española durante o ano de estudio 2021» (Lema, 2024). Asístese a un exemplo evidente de lavado de cara ambiental a unha industria problemática, de *greenwashing*, protagonizado polo fundador dun centro de referencia investigadora da USC, xenerosamente

financiado pola Xunta de Galicia, e con numerosos contratos con entidades e empresas privadas.

O artigo continúa sinalando que «o volume de emisións globais resulta elevado se se ten en conta o caudal específico (caudal por tonelada de produto) en relación coas emisións doutras instalacións de producción de pasta de celulosa» (Lema, 2024). Con respecto a esta afirmación, faise unha explicación convincente e detallada de porque isto é así. Tamén se apuntan decisións e eliminación dalgúns procesos polos que este valor non favorable podería reducirse. Unhas consideracións interesantes dun investigador ben documentado, pero que ao final sempre depende da boa vontade da empresa, xa que en ningún caso apela a que as autoridades autonómicas poidan introducir diferentes limitacións ambientais ao funcionamento previsto da planta. Ademais sinala que «os volumes específicos de emisión resultan altos ao comparalos con industrias dunha clase similar, como as de producción de pasta de celulosa para papel. Esta diferenza é debida a que, como se indicou, o proceso de producción de fibra ten un menor aproveitamento da madeira (ao no utilizarse a hemicelulosa) e é máis demandante de enerxía» (Lema, 2024). Polo tanto, dedúcese que é a obtención de *lyocell* a que incrementa os problemas. Isto sen que a transformación da madeira en produtos téxiles sexa completa como en China ou en Austria. Máis impacto sen posuír un ciclo industrial completo. Por último, na súa achega Lema Rodicio indica que o estudo se refire en exclusiva ao 2021, e que sería de interese realizalo para outros anos. Isto permitiría dispoñer dunha base estatística relativa a diferentes condicións meteorolóxicas más ou menos complexas. Como non se nos escapa, o autor estase referindo á eventualidade de que o cambio climático por todos coñecido provoque menos volume de auga caída ou precipitacións de carácter máis irregular, temperaturas máis elevadas (e, polo tanto, procesos de evaporación maiores), o que se traduciría un escenario de impacto de Altri máis preocupante do que se sinala na actualidade. Aínda que a súa posición é favorable á implantación finalmente non quere comprometerse de todo, por se os cálculos optimistas formulados non o fosen tanto, como sinala a maioría da comunidade científica.

CONCLUSIÓN FINAL: ENTRE O BRANCO E O NEGRO, OS TERMOS DA CONTROVERSIA XEOGRÁFICA

Este artigo, incluído nun número especial de *Cairón* destinado a analizar as posibles consecuencias que a implantación da Celulosa de Altri traerá para a Ulloa e toda a Galiza central, trata de ser unha reflexión desde a xeografía sobre o problema formulado. Desde a Xeografía no seu carácter holístico, integrador de moi diversos datos e referencias, sempre e cando teñan unha base territorial. Tamén porque a disciplina onde nos encadramos procura facer análise espacial para a mellor toma de decisións a diferentes escalas: local, comarcal, rexional ou nacional. En terceiro lugar, xogouse coa evolución dos propios conceptos xeográficos, comezando pola teoría dos lugares centrais e a consideración de espazos isotrópicos, para logo realizar unha análise territorial integrada, na que aspectos de xeografía económica, as teorías da mellor decisión, o estudo do turismo e da diversidade de usos do solo tamén estiveran presentes. Como boa ciencia social achegouse unha lectura dual, que contén a análise do discurso territorial dunha empresa clásica, que utiliza o espazo, os lugares, no seu propio beneficio, sempre acompañándoo de referencias á saída do atraso, ao desenvolvemento e o progreso. Por outra parte, debulláronse as bases da lectura crítica, contraria a esta implantación. Unha lectura onde as persoas, as súas actividades e xeitos de vida, e un modelo económico de relativo éxito procuran ser defendidos fronte ao que se interpreta como unha agresión externa.

Nesta valoración final que estamos a facer, resulta evidente que existe un contraste entre dúas opinións radicalmente distintas de interpretar o proceso industrializador clásico. Por unha banda, a empresa e unha serie de actores políticos, xunto con algún científico, sosteñen o vello paradigma de que a creación de empresas, de industrias, é boa por si mesma, anima o desenvolvemento e o progreso. Esta interpretación, moi característica dos séculos XIX e XX, sostén que o avance das rexións e dos países sempre se sustentou na industrialización, acompañada dunha modernización produtiva, aínda que esta fose mínima. Para corroborar isto apúntanse exemplos de áreas e cidades

europeas moi ricas, que iniciaron a súa traxectoria positiva grazas á creación de numerosas empresas. Non obstante, nos últimos decenios este paradigma empezou a ser cuestionado. Hai moitos exemplos de territorios onde os ciclos extractivos ou industriais duraron un período limitado e cando este pasou o suposto desenvolvemento tornouse en abandono. Ademais, os exemplos de éxito case sempre se vincularon a procesos de industrialización endóxenos. Unha empresa do lugar inviste, crea empregos e acumula beneficios, o que acaba repercutindo na economía do lugar. Porén, cando as compañías son foráneas isto tórnase menos viable: invístese para obter lucro que migra a outras zonas, onde a empresa ten a súa sede. Por suposto que os novos postos de traballo aparecen, pero as compañías tampouco dubidan moito en irse se os rendementos caen ou a actividade deixa de reportar rendas. A menor implicación das multinacionais cos territorios nos que operan constitúe unha constante do capitalismo. Por iso, un exemplo como Altri que semella non ter contribuído moito ao progreso da Região Centro de Portugal, resulta pouco convincente nas súas declaracóns de progreso futuro para a Ulloa e as terras de Melide e Arzúa.

Ademais, e outra vez volvemos exercer na nosa condición de xeógrafos, o espazo xeográfico, o territorio e conceptos como a sustentabilidade gañaron moito peso no pensamento académico do presente. O territorio é o ámbito de vida das persoas, non un receptor pasivo de investimentos e usos de finalidade discutible. Aínda que en Occidente durante os últimos séculos semellou que esqueceramos este axioma a mans do progreso sen fin, diferenciándonos doutras culturas como as orixinarias de América ou da xaponesa onde o equilibrio coa terra constitúe unha obriga fundamental, o desafío ambiental recente situou á defensa do equilibrio dos lugares e á redución dos impactos sobre o territorio no centro do debate. O espazo xeográfico enténdese como un sistema, con numerosas variables relacionadas, e unha agresión conxunta ao seu correcto funcionamento (como se sospeita pode acontecer na Ulloa), xa se interpreta pola maioría como unha ameaza maior a unha serie de equilibrios sociedade-natureza construídos durante décadas. As persoas que viven e traballan na Galiza central en boa medida decidiron permanecer neste espazo porque perciben uns niveis e unha

calidade de vida elevados, aínda que sexan críticos con algúns aspectos da organización territorial comarcal. Por iso, o rexeitamento ao proxecto Altri acadou unha intensidade non prevista hai dous ou tres anos, cando foi anunciada a proposta de localización da planta como determinante para o progreso da Galiza central. Unhas comarcas do país que eran presentadas, de xeito irrecoñecible, como atrasadas, despoboadas e sen dinamismo económico cando as actividades turística (vinculadas ao Camiño de Santiago), gandeira e empresarial se consolidaron nos últimos decenios, freando a caída da poboación, xerando emprego, atraendo inmigrantes e ofrecendo unhas condicións de vida digna para a maioría das persoas.

Sen dúbida, o proxecto Altri/Greenfiber parte de tres errores básicos que fomos subliñando na nosa análise e que agora lembramos para pechar o presente artigo. Dunha banda, susténtase na idea falsa de que un proceso industrial ao ser sempre bo pode escoller sen límites o territorio onde localizarse. Deféndese o falso mito que asocia a creación de empresas produtoras de bens con desenvolvemento. Só hai que procurar unha coalición eficiente co poder político para facer fronte aos negacionistas do progreso. Doutra, o territorio de implantación queda anulado ou convertido nunha caricatura. Con fortes problemas de atonía e despoboación, con habitantes pouco escolarizados e cunha base económica marxinal. A industria coloniza rexións para garantir o seu avance. Isto leva ao erro de confundir beneficios privados co interese público. Por último, logo de construídos estes falsos referentes, cando se levanta unha forte oposición cidadá, os argumentos volven ser coñecidos: oposición politizada, ameazas de retirar o proxecto se non se recibe o suficiente apoio público, desinformación pagada a medios de comunicación etc. Agardemos que a pesar da forte insistencia de Altri por instalarse na Galiza central estas mentiras e falsos argumentos non se impoñan, e que unha loita exemplar de defensa do territorio remate gañando. Non só por salvar á Galiza central dunha agresión, senón para servir de exemplo a outros futuros conflitos que sitúen o desenvolvemento harmónico das nosas comarcas do rural no centro do debate. ☺

BIBLIOGRAFÍA

- ALTRI (2024). Páxina web da empresa ALTRI. <https://altri.pt/pt>.
- ALTRI-AFRY (2023): *Autorización Ambiental Integrada para la implantación de una industria textil a base de celulosa y sus infraestructuras asociadas*. Pontevedra: ALTRI-AFRY.
- Bañares et al. (Eds.) (2011): *Atlas y Libro Rojo de la Flora Vascular Amenazada en España*. Madrid: Ministerio del Medio Ambiente, Medio Rural y Marino.
- Bunge, W. (1966): *Theoretical Geography*. Lund: C.W.K. Gleerp.
- Carter, H. (1972): *The Study Of Urban Geography*. Londres: Edward Arnold.
- Chorley, R.J. & Haggett, P. (1967): *Models in geography*. Londres: Methuen.
- Cidrás, D. (2022): *Cara á deseucaliptización de Galicia? Un conflito paisaxístico caracterizado a través dalgunhas manifestacións no territorio galego*. Tese de Doutoramento en Xeografía e Historia. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Cidrás, D. & Lois-González, R.C. (2024): «The commons and the intersection of forest fires and land tenure: insights from Galicia (Northwestern Iberia)», en *Review of Agricultural, Food and Environmental Studies*. 21 páxs. <https://doi.org/10.1007/s41130-024-00219-8> (Publicado on line: 5 setembro 2024).
- Corbelle, E. (2024): «Avaliacion da incidencia do Proxecto GAMA sobre a área ocupada por plantacións de eucalipto en Galicia», en Consello da Cultura Galega (CCG): *Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 23-39.
- Foucault, M. (1966): *Les mots et les choses. Une archeologie des sciences humaines*. París: Gallimard.
- García García, J. H. (2021): «Onde nace o río Ulla? Un percorrido científico na busca das súas fontes». *Revista Cairón*, 5: 149-167.
- García García, J.H. (2024): «Avaliación do impacto hidrológico do Proxecto GAMA en Galicia. Revisión e análise crítica», en Consello da Cultura Galega (CCG), *Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 57-85.
- Iglesias, I.; Feijó, M.C. e Ortíz, S. (2000): «Contribución a los estudios de conservación de Santolina Melidensis». *Portugaliae Acta Biologica*, 19: 107-112.
- Inventario Forestal Continuo-Xunta de Galicia (2024): *Inventario Forestal Continuo de Galicia*. <https://invega.xunta.gal/invega/>
- Inventario Forestal Nacional (2012): *Cuarto Inventario Forestal Nacional. Base de Datos de Campo*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino. https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/inventario-forestal-nacional/cuarto_inventario.html
- Lema Rodicio, J.M. (2024): «O potencial impacto ambiental das emisións líquidas e gasosas do Proxecto GAMA», en Consello da Cultura Galega (CCG): *Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 85-97.
- Lois-González, R.C. (1988): *A gandería na Ulloa: repercusións nas paisaxes agrarias*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- Lois-González, R.C. (2024): «As celulosas on valen para o turismo, nin para o territorio», *Nos Diario. Caderno especial: o impacto de Altri a debate*, 8 de novembro de 2024, 20-22.
- López, L. & Lois-González, R.C. (2021). «A nova normalidade no Camiño de Santiago: reflexión para o futuro». *Revista Galega de Economía*, 30 (3), 7568. <https://doi.org/10.15304/rge.30.3.7568>.
- Río Barja F.J. & Rodríguez Lestegás, F. (1992): *Os ríos galegos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Sen, A. (2000): *El desarrollo como libertad*. Barcelona: Paidos
- Tuan, Yi-Fu (1974): *Topophilia: a study of environmental perception, attitudes, and values*. Englewood Cliffs (NJ): Prentice-Hall.
- Tucker, V. (1991): «The myth of development». *Occasional series paper*, 6. Cork: Department of Sociology. University College.
- Wallerstein, I. (1974): *The Modern World-System, vol I: Capitalist Agriculture and the Origins of the European World-Economy in the Sixteenth Century*. Nova York & Londres: Academic Press.
- Wallerstein, I. (1980): *The Modern World-System, vol II: Mercantilism and the Consolidation of the European World-Economy, 1600-1750*. Nova York: Academic Press.
- Xunta de Galicia (2018 e 2024): *Anuario de Acuicultura*. <https://www.pescadegalicia.gal/Publicaciones/AnuarioAcuicultura2023/index.htm>
- Xunta de Galicia (2022): *Proxecto GAMA de producción de fibra téxtil a base de celulosa. Rexistro de Proxectos de Interese Estratéxico*, 30-II-2022. Santiago de Compostela: Consellería de Economía e Industria.
- Xunta de Galicia (2024): *Datos de bivalvos comercializados por lonxa. Evolución por años*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

CAIRÓN

Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
nº 8. Marzo 2025

COORDINA

Daniel Salgado

ESCRIBEN, FOTOGRAFAN
E DEBUXAN

Joaquín Araújo
Sonia Villapol Salgado
Rubén Camilo Lois González
Horacio García
Francisco Pardo Teijeiro
Ana Escariz Pérez
Fernando Salgado
Pepe do Xastre
Andrea Santiso Arias
Patricia Coucheiro
Adela Figueroa Panisse
Paco Ledo
Toño Núñez
Pablo Coucheiro Rodríguez
Eduardo Eirago
Ana G. Liste
Antonio Pérez Casas
Xulio Cuba Orosa

GRÁFICA

Laboratorio Numax

PRELO

Agencia Gráfica

ISSN: 2603-8471
DEP. LEGAL: LU 32-2017
Monterroso, 2025

